

Num. 215



Novembro 2003

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

A regularización das instalacións
agrarias convértese nun caos

Cando a penas quedan dous meses para que remate o prazo de regularización das instalacións agrarias, a diversidade de criterios dos distintos concellos á hora de facer os trámites está convertendo o proceso nun auténtico caos que xa deu pé a estafas. Por outra banda, aínda fica pendente o tema das licencias de actividade. **páx. 5**

■ Aldea Global

O presidente de Agricultura
europeo coincide coa CPE

O SLG participou no mes de outubro nun seminario da Coordinadora Labrega Europea (CPE) en Roma, onde o presidente do Consello de Agricultura, Giovanni Alemanno, coincidiu con moitas das posturas da organización. **páx. 10**

■ Agroecoloxía

Os textos do congreso xa están
a disposición da afiliación


O Congreso de Agroecoloxía que organizará o Sindicato Labrego Galego en decembro xa ten textos oficiais. Nestes intreos, o documento atópase en tódolos locais a disposición de afiliados e afiliadas para que participen coas súas aportacións nun proceso que é de todos e todas. **páx. 12**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISSIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

30 anos de



De esquerda a derei-
ta os números 5, 110, 120
e o do actual mes, o 215.

■ Neste mes de
novembro de 2003, Fouce
cumple os seus trinta anos
de vida. Nas páxinas centrais,
aproveitamos para lembrar os ini-
cios da publicación en plena dictadura
franquista, a súa evolución ao longo do
tempo, e os principais temas sobre os que
botou luz coa verdade por diante. **Páxs. 4, 8 e 9**

O control da cota láctea porá a 14.000 explotacións ao borde do peche


■ O Conselleiro de Política Agroali-
mentaria, Juan Miguel Diz Guedes,
vén de anunciar que a Xunta vai
aplicar con todo rigor a política de co-
tas, cortando o 30% da produción.

■ A decisión vai poñer nunha difícil
situación a unhas 14.000 explotacións
lácteas galegas que sobrepasan a cota
que teñen asignada, sen darlles tem-
po a adaptarse aos cambios. **Páxs. 2 e 3**

As organizacións sociais de Italia poñen a Monsanto contra as cordas

A actualidade dos transxénicos
(OXMs) non deixa de producir no-
vas. En Italia, onde existe tolerancia
cero para OXMs, trala decisión do
gobierno de destruír 381 hectáreas de
millo contaminado por organismos
xenéticamente manipulados, diver-
sas organizacións sociais iniciaron
unha campaña legal contra as em-

presas responsábeis: Monsanto e
Pioneer Hi Breed. Un trebón político
e xudicial que nada ten que ver coa
permisividade suicida que o PP
practica no Estado. Por outra banda,
facendo gala de cultura democráti-
ca, Suíza convocará un referendun
para que a cidadanía decida sobre
este asunto. **Páx. 11**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Lidia Senra

Xabier Gómez Santiso, Xan

Pouliquen, Xosé Manuel

González Vilas, Mariano Lema,

Anxo Pérez Rúa e Isabel

Vilalba.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf: 981 580449

Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO

Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

MAZARICOS - Bar Jurjo

SANTA COMBA

Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909

ORDES

Rúa Parque Municipal nº 32, 1º

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS

Praza da Constitución nº 4, 1º.

Tlf: 981 773377

SARRIA

Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186

CURTIS

Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654

MOECHE - Casa Luciano

AS PONTES - Rúa Balsa nº 28

O BARCO - Local AISS

Tel. 988 321511 / Fax: 988326823

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

VERÍN

Travesía de Sousas nº 20, Galerías

Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439

RIBADAVIA

CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230

Fax. 988477230

XINZO

Casa Sindical Tlf. 988 462547

CASTROCALDELAS

Sala do Sotelo de Castro

MONTEDERAMO

Local da Cámara Agraria

LUGO

Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE

Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005

CHANTADA

Praza do Concello, baixos AISS

Tlf/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN

Local da Cámara Agraria, 1º

RIBADEO

Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ

Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376

VILALBA

Cidade de Viveiro nº1 ent. A.

Tlf.982 512431

A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

AGOLADA - Bar Central

FORCAREI - Casa do Concello

MEIRA

Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714

LALÍN

Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191

SILLEDA - Bar González

TEIXEIRO

Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq

PONTEAREAS

Rúa Dario Bugallal nº10, 1º

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL

Rúa Ramón Franco, Edif. Rosales.

Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 699 924 630

A Xunta pretende desmantelar definitivamente o sector lácteo

Diz Guedes amenza a 14.000 explotacións coa intención de aplicar estrictamente a política de cotas

Diz Guedes convocou, o pasado 14 de outubro, ao sector lácteo galego -industria, cooperativas e sindicatos- para comunicar que a nova Política Agraria Común (PAC) vai obrigar ao cumprimento estrito do sistema de cotas.

En Galiza, con 14.000 explotacións leiteiras que producen por riba dos seus dereitos -supoñen o 60% do total-, isto supón a estocada definitiva para desmantelar o principal motor económico do noso medio rural.

O Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes fixo saber ao sector lácteo galego que a nova PAC consolidará o sistema de cotas ata o ano 2015 e que se procederá a unha redución do prezo de intervención do leite.

Para levar isto a cabo, crearanse novas normativas en todo o Estado destinadas a que se cumpra estrictamente o devandito sistema de cotas.

A nova lexislación para impedir que se produza e venda leite fóra de cota consistirá en reducir compradores; limitar as compras do leite a un máximo de dúas, dende o produtor á industria transformadora; e autorizar para mercar leite en orixe só aos intermediarios, á industria, e aos produtores e produtoras artesáns. Tamén se lles obrigará aos compradores e ás grandes explotacións gandeiras a realizar unha declaración men-



Xabier Gómez Santiso representou ao SLG no encontro de Diz Guedes co sector lácteo galego

sual de movementos.

Finalmente, para evitar que se transgreda o sistema de cotas, establecerase un severo réxime de sancións e multas nos orzamentos do ano 2004. O propio Diz Guedes recoñeceu que isto

suporá cortar a machado co 30% da produción láctea en Galiza; mesmo admitiu que o prezo para mercar cota é demasiado elevado, naméntes que o valor do leite está polo chan. A pesar do negro panorama, o conselleiro foi

tallante: "Quen non asuma a realidade dun cambio cualitativo no sector, vai pasalo moi mal. Chegou o momento. O que queira xogar ao fútbol ten que acatar o regulamento, senón o árbitro quitaralle o cartón vermello".

A nova política implicará o recorte drástico do 30% da produción láctea actual

Entre as organizacións agrarias, o Sindicato Labrego Galego expresou inmediatamente o seu rexeitamento ás intencións da Consellería de Política Agroalimentaria. Para o SLG, Diz Guedes vai impoñer unha serie de medidas sen ter en conta as terribes consecuencias económicas e sociais que provocarán sobre o medio rural galego.

As cifras falan por si mesmas. Galiza ten unha cota láctea asignada de 1.868.140 toneladas, pero produce un 30% por riba desa cifra. Se Política Agroalimentaria leva a cabo as súas intencións, cumprirá deixar de producir 550.000 toneladas de leite. Das 23.775 explotacións lácteas que quedan na Ga-

liza, terán serios problemas unhas 14.000, que son as que se pasan de cota; nin máis nin menos que o 60% das explotacións galegas.

En palabras do responsábel da Secretaría de Acción Sindical Gandeira do SLG, Xabier Gómez Santiso, "isto supón o aniquilamento definitivo do sector na Galiza". Por se fose pouco, a drástica política de cotas que se pretende aplicar será moito máis nociva por non dar tempo de reacción a gandeiros e gandeiras. De feito, atopámonos na metade da campaña, e moitas explotacións xa superaron a súa cota ou están a piques de facelo. ¿Que saída lles quedará a partir de agora? ¿Deixar de producir? ¿Tirar



Lidia Senra e Gómez Santiso denunciaron ante os medios de comunicación as consecuencias da nova política da Xunta

o leite durante o resto da campaña? ¿Desfacerse das vacas? A saída que Diz

Guedes lles deixa ás 14.000 explotacións afectadas é ben clara: o peche definitivo.

Xa tiveron que pechar as portas 2.300 explotacións lácteas na última campaña

Para Xabier Gómez Santiso, as directrices de Diz Guedes poderían levar do que chaman leite negro a un mercado negro para o leite, desenvolvéndose unha fraude aínda maior, con empresas ilegais que comercialicen e vendan fóra da lei.

As intencións da Consellería de Política Agroalimentaria levarán a consolidar unha inxusta política de cotas que mantén a Galiza discriminada neste eido: temos o 54% das explotacións leiteiras do Estado, e 26.115 gandeiros e gandeiras censados; pola contra, só temos o 30% dos dereitos de produción, e a media estatal de cota máis baixa por activo agrario, que é de 72 toneladas. É evidente que a política de cotas aplicada rigorosamente provocará o peche de moitas máis ex-



Para Santiso, no centro da imaxe, a aplicación estrita das cotas podería xerar un mercado negro

plotacións -na última campaña pecharon 2.300 en Galiza, cantidade que ascende a

40.000 se miramos dez anos atrás-, o que irá acompañado, inevitábelmente, dunha

intensificación do proceso de desertización que está a sufrir o noso medio rural.

Unhas leis aplicadas segundo as comenencias do Partido Popular

A escusa de Diz Guedes para aplicar as medidas destinadas a facer cumprir a política de cotas é, seica, a loita contra a fraude. Nembargantes, se botamos unha ollada cara a atrás, descubriremos que foi o propio goberno de Fraga Iribarne quen permitiu e promoveu a venda de leite negro para evitar que a imposición da supertaxa lle lixara o mandato á daquela Ministra de Agricultura, Loyola de Palacio. Dende logo, non foi o sector productivo quen montou unha rede mafiosa especulativa de branqueamento de produción; nembargantes, si que serán agora gandeiros e gandeiras quen apanden coas consecuencias de algo que non fixeron.

Todo por unha Política Agraria Común transitoria que perdeu toda validez

Nunha rolda de prensa, Xabier Gómez Santiso, que estivo acompañado pola Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, expuxo un paquete de medidas que o Sindicato Labrego vén reivindicando dende vello para sacar da crise ao principal motor económico do rural galego: redistribución do dereito a producir na Unión Europea para evitar unha situación inxusta na que as grandes explotacións acaparan os dereitos de produción, namentres as de carácter labrego e familiar quedan sen eles; establecemento duns dereitos mínimos de produción por cada persoa activa nas explotacións que estean exentos de supertaxa; establecemento de prezos para o leite que cubran os custos de produción e do traballo agrario; supertaxa modulada ata un nivel de cota por explotación; fin do mercado de cotas; política activa para fortalecer a reserva estatal e reparto gratuito dando prioridade ás explotacións

cunha cota inferior ao mínimo exento de supertaxa; ordenación axeitada do territorio; e creación dun banco de terras.

Na mesma comparecencia ante os medios de comunicación, Lidia Senra responsabilizou da fonda crise do sector á política desenvolvida nos diversos mandatos de Fraga. Para Senra, a última reforma da Política Agraria Común (PAC) que se tenta aplicar agora, e da que forman parte as cotas lácteas, xa perdeu a súa validez tralo fracaso do Cumio da OMC en Cancún. A secretaria xeral do SLG lembrou as declaracións do presidente do Consello de Ministros de Agricultura da UE, Giovanni Alemanno, que afirmou nun seminario da Coordinadora Labrega Europea (CPE) que a actual PAC é algo transitorio cara un modelo agrario que aínda está por definir.

Senra denunciou que as presas de Diz Guedes por aplicar agora a política de cotas e un modelo agrario



Senra denunciou que as novas medidas só beneficiarán ás grandes explotacións e á especulación das multinacionais

neoliberal só van beneficiar ás grandes explotacións. Neste senso, recordou que a tendencia na Unión Europea é de especulación, con grandes transnacionais que nada teñen que ver co agro, como Benetton, de Italia, ou o club de fútbol Manchester, do Reino Unido, que posúen algunhas das cotas de pro-

ducción láctea máis grandes de Europa e que pasarán a cobrar axudas multimillonarias a partir do 2004 por esta produción sen necesidade de mantela, xa que o desacoplamento das subvencións permitirá pagar axudas en base a dereitos históricos e non á produción real.

As explotacións necesitan producir para poder obter rendas dignas

En definitiva, o que dende a Consellería de Política Agroalimentaria se considera unha fraude é, no meirande dos casos, un volume de produción ao que se ven obrigadas moitas familias labregas para poder chegar a fin de mes.

É o único camiño que lles queda ás explotacións diante dos altísimos prezos a que se están a vender os dereitos para producir -iso sen contar con que moitas xa están cronicamente endebedadas por mor dos plans de mellora e modernización-, e con valores para o produto do seu traballo tan baixos que, moitas veces, nin sequera cobren os custos de produción.

editorial***Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas: Trinta anos de autoorganización dos labregos e labregas de Galiza***

Neste mes de novembro do ano 2003 cúmprense trinta anos da publicación do primeiro número do Fouce, a revista do noso Sindicato. Neste ano tamén o noso Sindicato cumpre tres décadas de andaina.

Ao longo destes trinta anos, o Sindicato Labrego Galego consolidouse como unha ferramenta de traballo fundamental para a defensa dos intereses dos labregos e labregas de Galiza, e tamén para a defensa dun medio rural vivo.

O noso Sindicato naceu no ano 1973, en plena dictadura de Franco, polo que tivemos que traballar na clandestinidade ata o ano 1977, cando se legalizaron os partidos políticos e as organizacións sindicais.

Nestes trinta anos, a nivel organizativo tamén fomos evolucionando e, na medida na que as decisións sobre a política agraria se foron tomando cada vez máis lonxe, o SLG foise integrando no seo de organizacións internacionais; primeiro, na Coordinadora Labrega Europea (CPE) e, posteriormente, na Vía Campesina, para ter a forza suficiente para propoñer políticas agrarias a favor dos labregos e labregas de Europa e do Mundo.

En toda a nosa traxectoria, e na medida das nosas posibilidades, estivemos sempre a carón dos labregos e labregas de Galiza, elaborando propostas para as distintas administracións, e tamén promovendo e participando activamente na loita pola nosa supervivencia.

"Ao longo destes trinta anos, o Sindicato Labrego Galego consolidouse como unha ferramenta de traballo fundamental para a defensa dos intereses dos labregos e labregas de Galiza, e tamén para a defensa dun medio rural vivo".

Hoxe, trinta anos despois, estamos nunha etapa na que os gobernos da maior parte dos países do mundo están adoptando políticas letais para os labregos e labregas e para a humanidade coa única fin de proporcionar fabulosos beneficios a unhas poucas grandes multinacionais e a un moi reducido grupo de explotacións industriais. Por iso segue sendo

imprescindíbel contar con organizacións sindicais que ollan a agricultura e a alimentación dende o punto de vista dos intereses dos labregos e labregas e do conxunto da cidadanía. Unha alimentación en cantidade suficiente, san, segura e de calidade nutritiva, é un dereito humano básico que debe ser respectado.

A loita pola Soberanía Alimentaria de Galiza

Neste sentido, o Sindicato Labrego Galego está concentrado na loita para que nos organismos internacionais nos que se está decidindo o futuro da agricultura e da alimentación -Unión Europea, Organización Mundial do Comercio- se garanta o dereito que cada pobo ten a ter Soberanía Alimentaria.

No noso caso particular, a Soberanía Alimentaria é o dereito do pobo galego a decidir a política agraria e alimentaria que máis lle convén, e é tamén o dereito dos labregos e labregas de Galiza a producir eses alimentos, e a poder comercializalos cuns prezos xustos que cubran os custes e o traballo de produción. Este é o noso empeño, e nel seguiremos ano tras ano.

A palabra "modernidade" é un termo que usaban no século XIX como sinónimo de progreso. Mesmo chegou a converterse en estilo artístico, sobre todo na arquitectura.

Este mesmo termo volveu aparecer no último tercio da década dos oitenta, e como servía para xustificar todo o bo e todo o malo que tiñan aqueles tempos, converteuse no principal slogan do *papanatismo*. iso si, agora xa non significa só progreso, senón tamén todo o contrario. Incluso certos modelos de corrupción teñen cabida dentro do concepto amorfo de "modernidade".

No sector lácteo, xa entrado o século XXI, séguese a usar este mesmo termo. Observemos os seus significados: é moderno ou moderna aquela gandeira ou gandeiro que ten moitísimas vacas e moitísima cota, cousas nas que gastaron moitísimos máis cartos que os que van quitar de salario eles en toda a vida. Teñen nas cortes un arquivo para os papeis e unha oficina ou despacho, tamén nas cortes, con ordenador e certo cheiro a silo. É aí onde reciben aos inspectores que lles manda o señor Conselleiro tódolos meses a mirarlles os papeis que gardan no arquivo.

Teñen tamén tres tractores, un deles novo do trinque, con turbo, dúas traccións e douscentos cabalos cos que traballan unhas once hectáreas de terreo, que é a base territo-

Unha modernidade ruinosa
por Xabier Gómez Santiso

rial media das nosas explotacións.

Teñen tamén turbo vacas de última xeración xenética que producen cada unha 15.000 litros de leite por ano. Iso si, toman boticas case a diario, e non pacen porque non saben nin poden andar; só dan leite. Dadas estas circunstancias, tódolos días ven unha empresa de *catering* que lles dan un pisto que contén todas as substancias que os animais necesitan, nin máis nin menos que o que dixo outro ordenador que había que darlles.

Este gandeiro ou gandeira vive nunha casa nova, forrada de pedra da boa, rodeada de piñeiros e eucaliptos que a asombran verán e inverno, á que se chega por un camiño asfaltado, con algunhas fochancas de 2,5 metros de ancho e con moitas silvas nas cunetas. O veciño máis próximo está a dous quilómetros de distancia, pero teñen teléfono. Como o aparello é analóxico, dous días á semana van á vila para levar aos nenos ao ciber para que se conecten un pouco a Internet mentres os seus pais fan as compras. O do teléfono foi un gran adianto aínda que moitos días fica sen cobertura pola arte de non sei

que estrañas fadas; antes tiñan que ir á vila case a diario para chamar ao veterinario.

Como no inverno se vai a luz de cotío e ás veces tarda en volver, teñen un grupo electrógeno de moita potencia para que poida coa equipa de muxir e máis co tanque de frío. Para a calefacción deulles unha subvención de enerxías renovábeis a Xunta e puxérona con paneis fotovoltaicos. É o que os salva, porque senón os días de máis frío, xusto cando se ía sempre a puta da luz, había que pasar a noite tremelicando.

No tempo libre, moi pouco, van á vila a tomar uns viños, ben. Cando é verán tamén van algún día á praia. saen ás once despois de muxir e amañar, xantan aló, e regresan ás cinco e media para volver a muxir. ¡Agora con estes coches e autovías dá gusto! Ademais, no verán tamén sempre hai preto algunha festa á que fan unha escapadiña ás doce da noite, despois de muxir, máis que nada por ver a algún veciño. Tamén os ven na reunión da cooperativa, que é unha vez ó ano, e é onde lles din canto teñen que gastar en cota hogano porque o leite, non se sabe

tamén por que estrañas fadas, vai baixar dúas pesetas, e se queren seguir gañando o mesmo teñen que vender algo máis. Dende hai un lustro tódolos anos mercan algo de cota, amais de catro ou cinco vacas, pois

senón ¡fican estancados e deixan de ser modernos!.

É unha vida moi escrava, pero así que rematen de estudar os fillos han vender todo. ¡Que se foda!. En fin, quedaranse con dúas vaquiñas para entretemento e ¡a vivir que son dous días!. Que para eso pagamos o plan de pensións e traballamos tanto estes anos. Verás como despois habemos ter tempo para ir aos enterros e ás comidas do Concello. E as terras: pois un cachiño para horta para comer, e o resto a poñerlle piñeiros ou, aínda mellor *calitros*, que veñen antes; para deixarlles ós nenos algún cartiño por se cumprisen. Ademais, algo han valer as vacas e a cota se queda quen a merque. ¡Que carallo!.

Xa está. Isto é a "modernidade", e este é o concepto que a nosa Administración ten dos gandeiros e gandeiras, e para este modelo é para o que traballan e fan a súa política. Por iso se esforzan tanto en convencernos de que esta vida tan cómoda é o que nos convén e, ademais, a que ten futuro. Aínda que este conto acabe sempre entre eucaliptos. ¡A quen lle amarga un doce!.

A regularización das cortes é un caos polas diversas normas locais

A xestión dos concellos está retardando o proceso e dando pé á aparición de auténticas estafas e picaresca

O proceso de regularización das instalacións agrarias está padecendo os efectos de non ter centralizado os trámites na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (COPTOPV) tal e como defendía o Sindicato

Labrego Galego. Foron Unións Agrarias e Xóvenes Agricultores quen defenderon que a tramitación fose na administración local. O resultado é un caos no que cada concello pon as regras que lle peta, dando pé á picaresca.

Coa tramitación da regularización das instalacións agrarias de Galiza en mans dos concellos, naceu toda unha oferta de servizos de xestión para solucionarlle o problema a labregos e labregas. Desgraciadamente, isto levou canda si a aparición de xente que se quere aproveitar da situación para sacar tallada a conta das persoas que viven da agricultura e da gandería.

Un exemplo claro de isto vémosto cos invernadoiros. Estanse dando casos de persoas que cobran por tramitar a regularización deste tipo de instalacións cando non están consideradas como construcións e, polo tanto, non precisan regularizarse. Isto non deixa de ser unha forma de estafa, pois só os invernadoiros que teñen obra civil (como zapatas de formigón, etcétera) cómpre que pasen polo proceso; cando se trata dunha estrutura cuberta de plásti-



O SLG reclamará a ampliación dos prazos para tódalas explotacións podan regular a súa situación

co non é necesario.

Por outra banda, o feito de que cada concello impoña as súas regras fai que a situación en Galiza para regularizar as construcións agrarias sexa caótica: uns cobran e outros non, algúns contratan a empresas para

que fagan o traballo que noutros lugares fan os sindicatos ou as xestorías.

O resultado é que o proceso se está retardando, e vai ser imposible que as explotacións agropecuarias regularicen as súas instalacións antes do 31 de de-

cembro, que é a data límite para realizar o proceso. Emporiso, o SLG está a reivindicar diante da Administración que se amplíe o prazo para permitir unha regularización integral que beneficie a tódalas construcións agrarias en Galiza.

O seguinte reto do SLG será a reclamación das licencias de actividade

Unha vez que remate o proceso de regularización das construcións, haberá que comezar a traballar noutra materia pendente, que é a consecución das licencias de actividade. Isto afecta, sobre todo, ás explotacións gandeiras, xa que realizan actividades catalogadas como molestas e insalubres.

Para abordar este tema, o SLG integrouse nunha mesa de negociación onde están as catro consellerías con competencias neste asunto -Medio Ambiente, Política Territorial, Sanidade e Política Agroalimentaria-, a Federación Galega de Municipios (Fegamp), Xóvenes Agricultores, e o Sindicato Labrego. Unións Agrarias autoexcluíse de traballar neste tema ao non aceptar o diálogo que lle ofrecían.

A postura do Sindicato Labrego nesta mesa de negociación será a de tentar acadar a licencia de actividade para tódalas construcións gandeiras de Galiza. Para iso, o SLG defenderá que os mínimos a cumprir para que se concedan as licencias de actividade obedezan a requisitos de benestar animal e de tratamento de residuos.

Extensión Agraria da Mariña fica coxa trala destitución de Lorenzo Molejón

O Sindicato Labrego Galego denunciou ante os medios de comunicación a destitución do coordinador comarca das oficinas de Extensión Agraria de A Mariña, Lorenzo Molejón, e o nomeamento para o cargo do alcalde de Lourenzá, Vidal Martínez Sierra.

A destitución e o nomeamento, que se fixeron a dedo e por designación directa, foron unhas decisións totalmente inxustificadas que provocaron unha estrañeza e incerteza aos labregos e labregas da comarca.

O técnico destituído, Lorenzo Molejón, tiña máis de

vinte anos de experiencia en traballos relacionados coas oficinas de Extensión Agraria. Cunha máis que demostrada eficiencia nos cargos que desempeñou, Molejón desenvolveu un papel moi importante nos planos de mellora das instalacións agrarias en toda a Mariña, na incorporación de mozos e mozas á profesión labrega gracias ao fondo coñecemento que tiña da Escola de Capacitación Pedro Murias, ou nos programas formativos e de apoio a proxectos agrícolas e gandeiros en toda a comarca.

O sentimento xeral nos di-

versos sectores agrarios da comarca era de plena satisfacción co traballo de Lorenzo Molejón. Nembargantes, agora terán que apandar co novo responsábel imposto pola Xunta. Vidal Martínez Sierra é unha persoa vinculada directamente ao PP e, aínda que é veterinario, procede do ámbito privado, polo que é nula a súa experiencia en Extensión Agraria ou en calquera outro servizo adscrito á Consellería de Política Agroalimentaria. Respecto da súa profesionalidade, segundo algunhas persoas que saben dos seus cativos méritos, "era incapaz

de empreñar a unha vaca". É evidente que o Partido Popular, con este nomeamento, pretende controlar politicamente un servizo público.

Para o Sindicato Labrego Galego, a destitución de Molejón é un síntoma máis do proceso de privatización e desmantelamento dos servizos públicos. Hai uns tres anos, os labregos e labregas de Galiza tiveron que sufrir o transvase da xestión das axudas públicas a entidades financeiras privadas como caixas ou bancos; e hai pouco tentouse privatizar un servizo tan necesario como o saneamento gandeiro.

Colapso burocrático e utilización partidista

Respecto a Extensión Agraria, a pesar da súa importancia para o desenvolvemento agrario e rural, xa hai anos que está sendo privado de medios e funcións. De feito, hoxe en día as oficinas de Extensión Agraria están colapsadas polas súas obrigas burocráticas.

O nomeamento dun alcalde do PP como responsábel de Extensión Agraria na comarca lucense da Mariña é un síntoma máis de que o Partido Popular está a utilizar servizos sufragados por cartos públicos para obter réditos políticos que lle beneficien electoralmente en vez de traballar a prol dos intereses de labregos e labregas.

As mobilizacións da pataca comezan a dar os seus froitos

Destinan case sete millóns de euros a un tímido plan de regadío tralas protestas organizadas polo SLG

As mobilizacións realizadas pola crise da pataca a comezos deste ano, iniciadas e organizadas polo Sindicato Labrego Galego, xa están a dar froitos. O Consello da Xunta aprobou dous convenios de colaboración

entre Política Agroalimentaria e as comunidades de regantes de Antioquía e da Lagoa. O proxecto máis custoso será unha rede de rega na Lagoa da Antela, con 6'1 millóns de euros, que beneficiará a 2.000 hectáreas.

O outro proxecto contemplado investirá 721.000 euros en financiar o 22% da modernización e consolidación dos regadíos da Limia.

Deste xeito, e dunha maneira tímida, comeza a cumprirse unha vella reivindicación do SLG. Efectivamente, dende hai máis de once anos, o Sindicato Labrego estaba a reclamar o regadío integral para a comarca da Limia, que engloba a unhas 20.000 hectáreas. De todos xeitos, as obras iniciádas manifestamente insuficientes, pois a penas afectan a 2.500 hectáreas.

Neste tema, cómpre lembrar que o SLG foi o único sindicato que se mobilizou ante o Senado en Madrid, o 11 de xuño de 2001, cando se estaba a discutir o Plan Nacional de Regadíos. Nese intre, o SLG denunciou a discriminación de Galiza, pois só se lle asignaban 2.500 hectáreas de regadíos sociais e 6.456 de consolidación e mellora. Despois das protestas, ampliaron a 8.500 hectáreas de regadíos sociais.



Manifestacións como esta de Ourense obrigaron á Xunta a elaborar un Plano Estratéxico para a comarca da Limia

Os problemas fundamentais seguen sen resolver

O prezo segue sendo un problema sen resolver. Na campaña anterior, moitos pensaban eliminar as súas producións o cultivo da pataca por ter uns prezos que non cubrían nin os custos de produción. Na actual, o prezo está a ter un comportamento satisfactorio axudado pola escaseza

de produto no mercado, pola redución de superficie dedicada a este cultivo na Unión Europea, e polo descenso da produción centroeuropea por mor da seca. Este tipo de acontecementos encerra o perigo latente de que unha volta á sobreproducción faga volver as crises de prezos.

Para o SLG, tal e como vén reivindicando dende hai anos, cómpre establecer mecanismos que garantan unha maior estabilidade e establecer medidas que limiten as crises que periodicamente sofre o sector.

Entre as medidas para regular o mercado seguen sendo necesarias a creación dunha organización común de mercado (OCM) a escala europea antes de que Francia e Holanda tomen a iniciativa e impoñan as súas condicións diante da entrada de novos competidores no escenario, como Polonia ou Hungría.

Tamén cómpre crear un órgano que penalice as prácticas abusivas do sector da distribución, ou o establecemento dun etiquetado eficiente que garanta a trazabilidade dos produtos e que elimine a fraude de envasar pataca foránea.

Finalmente, habería que marcar uns estándares de calidade que tipifiquen claramente o produto para que haxa unha xusta remuneración das calidades gustativas e organolépticas.

“Agora toca aos produtores poñernos as pilas e constituir sociedades”

Polo visto, Política Agroalimentaria segue sen deseñar medidas orientadas a amortecer futuras crises. Neste senso, unha das vellas esixencias do Sindicato Labrego é a creación de contratos homologados como os que amparan a outros cultivos.

Despois das fortes mobilizacións, da campaña pasada, a Administración fixo un Plan Estratéxico para a comarca da Limia, onde o único salientábel era a creación dun Fondo de Compensación, que era outra das reivindicacións do SLG. Este fondo servirá para limitar as perdas ocasionadas en anos de crises de prezos.

Cada produtor ten un fondo particular que sufraga cunhas cantidades, aportando a Administración outro tanto. Cada campaña fíxase un prezo

de referencia, e se ao final da campaña o prezo medio estivo por debaixo dese valor de referencia, cada produtor ten dereito a retirar do seu propio fondo a diferenza.

O Plan Estratéxico contempla a creación deste fondo, pero o Conselleiro de Política Agroalimentaria puxo como condición crear antes unha única Agrupación de Produtores Agrarios (APAs), para o cal cómpre ter de antemán sociedades agrarias de transformación (SAT), cooperativas ou outro tipo de entidades coa fin de adaptar a produción e a comercialización da pataca ás esixencias do mercado.

A estas APAs seranlles subvencionados os gastos de constitución e funcionamento. Estas subvencións serán

para reducir custos de produción, fomento de prácticas de cultivo respectuosas co medio ambiente, mellorar a calidade e variedade das patacas, promoción e constitución dun fondo de rotación. As axudas a investimentos poderán ascender ata un máximo do 15% da facturación por vendas do ano anterior, e poderán cubrir tamén o funcionamento administrativo durante cinco campañas.

Segundo o responsábel do Sindicato Labrego na comarca da Limia, Anxo Pérez Rúa, "diante desta perspectiva da situación do sector tócamos aos produtores e produtoras poñermos as pilas e constituir sociedades, para ter logo voz e voto na única APA que a Administración está disposta a conceder".

Expertos do sector salientan o traballo realizado por Ovica

O pasado 20 de setembro, a Casa de Cultura de Xinzo de Limia, en Ourense, acolleu as cuartas Xornadas Técnicas de Ovino e Caprino, nas que participaron un cento de persoas entre gandeiros e gandeiras, técnicos e comerciais.

O encargado de inaugurar o evento foi o presidente da Asociación de Criadores e Criadoras de Ovino e Caprino de Galiza (Ovica), Luís Lamas. A primeira das conferencias correu a cargo do Doutor en Veterinaria Manuel Vázquez Luaces, que fixo unha exposición da súa tese doutoral, titulada Estudio do crecemento e das características da carne e do canal de cordeiros de raza ovina galega.

Tras un descanso, o técnico veterinario da Asociación Nacional de Criadores de Gando Ovino Selecto de Raza Churra (Anche), Jorge Gutiérrez González, falou da importancia do control dos parámetros productivos de cara á conservación e mellora da raza. Gutiérrez falou polo miúdo da situación do sector en Castela e León, cunha cabana gandeira duns cinco millóns de cabezas, e dos traballos que se realizan en Anche na selección de exemplares para mellorar a produtividade leiteira en cantidade e calidade.

Finalmente, houbo unha mesa redonda sobre a problemática da produción tipificada de canais de ovino e caprino en Galicia na que participaron Manuel López Luaces; Jorge Gutiérrez; un técnico inspector de matadoiros da Xunta, Xulio Franco Criado; e o técnico de Ovica, Xosé Romero. Nesta mesa redonda salientouse o importante traballo que ten realizado Ovica nos seus anos de existencia, e o potencial mercado que ten a cooperativa comercializadora Coviga para desenvolver o seu traballo.

Precisamente foi o presidente desta sociedade, Alfredo Márquez Martínez, quen clausurou as xornadas, pedindo aos asistentes o seu compromiso cos proxectos asociativos postos en marcha para mellorar o conxunto do sector en Galiza.

Diz Guedes presenta uns orzamentos alleos ás necesidades do medio rural

As contas do 2004 non contemplan medidas que garantan a continuidade das explotacións existentes

O SLG saiu ao paso das declaracións triunfalistas do Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes e dos seus "orzamentos expansivos". Outra vez, o Partido Popular recorre ao manido argumento da modernidade para agachar o desmantelamento brutal e sen paliativos da economía agraria galega; moitas palabras bonitas e cifras engaioladoras no escaparate da prensa galega, pero en ningún momento se falou de destinar cartos a garantir a continuidade das explotacións agropecuarias que aínda sobreviven a tanta desfeita.

O Sindicato Labrego Galego contestu ás declaracións triunfalistas que, mediante comunicado oficial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural fixo o seu titular, Juan Miguel Diz Guedes, o pasado 3 de novembro sobre o proxecto de orzamento da área que dirixe para o ano 2004.

Para o SLG esta presentación duns "orzamentos expansivos para unha agricultura moderna e competitiva" -así é como titularon o devandito comunicado oficial-, non é máis que verborrea baleira de contido que esconde a continuación da liña seguida por Diz Guedes dende que asumiu o mandato de Política Agroalimentaria, política consistente en desmantelar

o sector agrogandeiro galego. De feito, non se fala nin se dotan de orzamento medidas que garantan a continuidade do maior número posíbel de explotacións producindo no rural galego.

A locuacidade da Consellería de Política Agroalimentaria non mitiga a situación actual do sector. A "transición dunha economía agraria tradicional cara unha nova economía multifuncional e multisectorial" significa, en realidade, que milleiros de explotacións poden desaparecer en Galiza nun curto prazo de tempo, e con elas os postos de traballo que manteñen. Basta con ver as consecuencias que tiveron na Galiza, ata o de agora, este tipo de políticas agrarias.



A consellería que dirixe Diz Guedes continuará apostando no 2004 polo desmantelamento da economía rural galega

Tampouco se fala no comunicado da Consellería sobre os problemas reais que van ter que afrontar as explotacións de leite coa aplicación estrita da política de cotas, sabendo que miles de

explotacións neste país non teñen dereitos suficientes para subsistir, que o prezo do leite vai caer trala aplicación da nova Política Agraria Común. Visto o visto, é evidente que os plans

de Política Agroalimentaria, cos seus orzamentos para o 2004, seguen a ser desmantelar o sector que máis recursos produce no rural.

Dende o Sindicato Labrego Galego convidouse ao Conselleiro de Política Agroalimentaria a que retome as conversacións e o diálogo coas organizacións sindicais agrarias, representantes lexítimas dos labregos e labregas da Galiza, para poñer enriba da mesa os seus problemas reais e as medidas que permitan salvaguardar os intereses das explotacións agropecuarias do país.

Para o SLG, o medio rural só poderá manterse vivo mantendo vivas as explotacións.



Servicios de xestión para labregos e labregas

Confíe os seus trámites a especialistas en matriculación e transferencias de maquinaria agrícola



Consulte prezos en calquera oficina do Sindicato labrego Galego



¡OFERTA!

¿Quere un seguro máis barato para seu coche?

Tramitamos seguros de automóbiles para os afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego en boas condicións.

Se tes máis de 28 anos, e máis de dous anos de carné de conducir, trae ao local do SLG máis cercano a túa póliza de seguros actual, amais do último recibo de pago, e procuraremos facerche unha mellor oferta.



Fouce cumpre este mes o seu trixésimo aniversario dende que publicou o seu primeiro número en 1973

Trinta anos de información ao servizo dos labregos e labregas

No mes de novembro de 1973, coa ditadura franquista nos derradeiros estertores, editábase o primeiro número de Fouce, unha publicación clandestina nacida baixo os auspicios da Unión


do Pobo Galego e das novas Comisións Labregas. Moito choveu dende aquela, pero o espírito de Fouce segue sendo o mesmo que lle deu vida na longa noite de pedra: botar luz sobre os problemas

dos labregos e labregas de Galiza informando, denunciando, reivindicando, e dando voz a quen non dá traspasado a xordeira dun poder que foi sempre nefasto para as xentes do rural galego.

Quen fora o deseñador do primeiro Fouce, Carlos Díaz Martínez, afirmaba nun limiar á edición facsimilar en Espiral Maior do voceiro das Comisións Labregas (CCLL) entre 1973 e 1977, que "de toda a prensa clandestina galega definida como antifranquista e integrada no chamado movemento nacional popular galego, o Fouce é, ao noso xuízo, a publicación que máis incidencia socio política tivo".

Carlos Díaz destacaba do Fouce a regularidade na súa publicación, o seu espallamento a escala nacional, o ser unha publicación que nestes anos interveu directamente nos problemas do medio rural, e o posuír contidos redaccionais asumidos polos seus lectores e protagonistas.

Parafraseando agora a Ramón Muñiz, que comparte as palabras liminares con Carlos Díaz no devandito libro de Espiral Maior,



Dous Fouce históricos da etapa inicial: en primeiro termo o número un; a carón del, o décimo, de nadal de 1975, no que se notificaba a morte do dictador Franco.



Fouce constituíuse dende as súas orixes como "medio visibilizador de todo o proceso de vertebración e dinamización do movemento agrario de carácter nacionalista

que realizaban os Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e as CCLL. Tamén engade que Fouce foi "un símbolo da loita antifranquista no agro galego" e

"unha esperanza para aqueles e aquelas que xa caeran na resignación e que agora ollaban que os seus sufrimentos e humillacións non foran en vano".

Os primeiras palabras dunha publicación que había facer historia

O primeiro texto co que se inicia o número un de Fouce é un editorial no que se expresa a razón de ser da nova publicación: medio de expresión e comunicación para os labregos e labregas de Galiza, alternativa aos medios de comunicación oficiais que secundaban a ditadura, voz dunhas Comisións Labregas mozas.

A continuación transcribimos integramente o documento orixinal, respectando a súa ortografía e correxíndoa só naqueles casos en que o consideramos necesario.

"Iste é o único remedio que nos queda: FOUCE. Ista revista quere ser a voz de tódolos labregos de Galicia, de tódolos sin voz.

Os periódicos que se venden nos quioscos somentes poñen o que ao Goberno i empresas capitalistas lles interesa, leendoos parece como si o

campo fora moi ben i os labregos estiveramos moi contentos.

Xa vai sendo hora de que nós teñamos a palabra pra dicir as verdades ao pobo.

Niste Estado español non que están prohibidas as liberdades mínimas que hai en calquer país non nos queda outro remedio que editar esta revista de xeito clandestino. Non decimos as verdades que lle gusta ouvir aos caciques e si souperan quenes as din, lavaríannos presos.

Pero isto non impedirá que FOUCE se estenda hasta o último currunchido do campo galego e que seña lido por tódolos labregos da Terra.

En FOUCE atoparédea a información sobre o campo que os periódicos oficiais non poñen, as denuncias, as inxusticias que cometen connosco; tamén leeredes artigos instrutivos sobre os múltiples

problemas que temos.

FOUCE, por último será o aglutinante de tódolos labregos de Galicia pra crear unha organización forte, invencible, que consiga que todas as terras de Galicia señan nosas, e que nelas poidamos vivir diñamente sin necesidade de emigrar. Esa organización que xa está funcionando, chámase as COMISIONS LABREGAS.

Xa tes nas túas mans o primeiro número de FOUCE, cando remates de leelo móstrallo aos teus familiares e veciños, que circule de man en man, que se comente nas tabernas, nas cociñas, á saída da misa, no teleclub, hasta que en todo o campo se implanten as COMISIONS LABREGAS.

PRÁ DEFENSA DOS NOSOS INTERESES: FAGAMOS "COMISIONS LABREGAS".

A función social de Fouce segue a cumprirse con total vixencia

Xa naqueles primeiros tempos das Comisións Labregas loitábase por problemas que seguen a ter vixencia: a Seguridade Social Agraria -daquela labregos e labregas cotizaban como empresarios, e hoxe van ter que facelo como autónomos-; a defensa dos montes de mancomún, hoxe ameazados pola Lei de Montes do PP; os prezos de miseria para o leite e a carne; as expropiacións forzosas de Fenosa nas Encrobas ou en Meirama, ou a súa pretensión de construír unha central nuclear en Xove -hoxe as agresións desta empresa cobran forma de minicentrales hidroeléctricas e de masificación de parques eólicos-.

Chega así o Fouce ao seu número 215, con trinta anos nas súas costas. A pesar de vivirmos en democracia, a marxinación que padecen as loitas agrarias por parte dos medios de comunicación fai que Fouce teña tanta vixencia como antano.

Así, podemos afirmar que Fouce é o único medio de comunicación en Galiza que informa regularmente sobre temas vitais para o noso agro como a Política Agraria Común, as manobras da Organización Mundial do Comercio na agricultura, a introducción dos transxénicos, os escándalos alimentarios, a aprobación de leis tremendamente nocivas para o medio rural amparadas nas maiorías absolutas do PP, o seguidismo respecto de Madrid e Bruxelas e incompetencia manifesta da Xunta en cuestións relacionadas co agro galego, ou da creación e divulgación de propostas e alternativas para mellorar a situación.


Fouce preveu nas súas páxinas as crises no agro provocadas polas políticas nefastas da Xunta e Madrid

Problemas de antonte, crises de hoxe



A cota empresarial

A loita contra a cota empresarial que se lles aplicaba a labregos e labregas foi unha das primeiras reivindicacións das Comisións Labregas e que xa foi tema informativo no primeiro número de Fouce, en novembro de 1973. O que vemos na imaxe é cinco anos posterior, do outono de 1978. Unha reivindicación histórica que rematou por ser un dos grandes logros do SLG. En decembro de 1994, tras 18 anos de desobediencia civil, este imposto inxusto desapareceu.



A política de cotas

A falta de unha, os labregos e labregas de Galiza tiveron que rematar soportando dúas cotas coa entrada na Unión Europea: amais da empresarial, apareceu a cota láctea, coa que se coutaba a capacidade de producir ao sector lácteo galego. Este sería un dos piares para o desmantelamento do noso agro. O Fouce da imaxe é de 1987, cando en Galiza vivían do leite máis de 90.000 familias. Hoxe a penas son 20.000 e novas ameazas dificultan a súa actividade.

As crises do leite



O sector lácteo galego sufriu unha reconversión brutal nos últimos anos, coa pasividade e complicidade da Xunta diante destas políticas nefastas. Entre os problemas do sector (prezos, cotas, etcétera) este Fouce de 1999 reflicte un feito moi actual que botaría por terra as esperanzas de formar un Grupo Lácteo Galego: a venda de Leyma.



O desastre da PAC

Velaí a Política Agraria Común (PAC), un feito que marcaría un antes e un despois no agro galego. Fouce advertía en 1986 que se comezaban a notar os efectos da entrada no Mercado Común. Desgraciadamente, hoxe, con dúas de miles de explotacións pechadas, o medio rural deserto, e políticas agrarias cada vez máis agresivas para labregos e labregas deseñadas para servir aos intereses das grandes industrias, proban que as advertencias e temores do SLG estaban máis que fundados.

Vacas tolas e OXMs



Outros dous Fouce premonitorios. O primeiro, advertía, en 1996, dos riscos de industrializar a agricultura e da posibilidade de que o mal das vacas tolas pasase a Galiza, tal e como aconteceu. En 1997, fixo outro tanto cos trasnxénicos. Aínda non sufrimos os seus efectos, pero coa política actual cómpre temer o peor.

A pataca da Limia




Outra das crises agrarias á que xa estamos, por desgracia, moi afeitos. A problemática da pataca da Limia e da caída de prezos que provoca a ruína labrega e o medre dos intermediarios. Este Fouce reflicte a crise do 2000. Cunha Xunta incapaz de solucionar o problema, a crise repetíase no ano 2003.

A fauna salvaxe



Unha das reivindicacións históricas do SLG que a Xunta comeza agora a tratar de maneira tímida. Xa existen axudas oficiais para paliar os danos polos ataques do lobo. Este Fouce é de xullo 1998, cando se fixo unha manifestación por este tema. En novembro de 2002, o SLG volvía saír á rúa para reivindicar o mesmo.



O viño

Outro dos sectores no que ten loitado o Sindicato Labrego é o do viño. A portada deste Fouce de 1988 dedicábase ás eleccións no consello regulador do Ribeiro: "En defensa do Ribeiro, vota contra o matuteiro". Hoxe, o SLG, fiel á súa política de defender os intereses labregos, propiciu recentemente acordos, con contratos entre adegas e produtores, para garantir uns prezos mínimos e dignos para a uva na denominación de orixe Rías Baixas.

A CPE fará chegar o seu modelo agrario aos ministros da UE

O Sindicato Labrego Galego participou en Roma nun seminario europeo sobre a Política Agraria Común

Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán participaron en representación do SLG nun encontro europeo sobre a Política Agraria Común (PAC) organizado pola Coordinadora Labrega Europea (CPE) en Roma. Foi entre o 11 e

o 13 de outubro, e contou coa asistencia do Presidente do Consello Europeo de Agricultura, Giovanni Alemanno, que recoñeceu moitos puntos en común co modelo agrario da CPE e do SLG, que prometeu levar a Bruxelas.

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra; e o responsable das relacións internacionais da mesma organización e membro da directiva da CPE, Xosé Ramón Cendán, participaron nun Seminario Europeo sobre a situación da Política Agraria Común (PAC), organizado pola Coordinadora Labrega Europea (CPE) en Roma do 11 ao 13 de outubro.

Unha das partes máis interesantes do encontro foi a asistencia do Presidente do Consello Agrícola da Unión Europea, Giovanni Alemanno. O político italiano recoñeceu ter moitos puntos de contacto entre a proposta agrícola da CPE e un modelo agrícola europeo que estea baseado na multifuncionalidade, a conservación do medio ambiente, a seguridade e soberanía alimentarias, e a defensa do tecido de pequenas explotacións agrí-



Giovanni Alemanno participou nos encontros da CPE e prometeu presentar o modelo labrego ante os ministros de agricultura

colas.

Alemanno tamén chegou a afirmar que a actual reforma

da PAC é unha transición cara a un modelo que a Unión Europea aínda non

definiu, xa que existe unha fonda división entre os países que queren seguir apostando por un modelo productivista, e aqueles que prefiren outras alternativas.

Neste ámbito, dixo que en breve terá que haber unha nova reforma da PAC. Alemanno chegou a afirmar que a liberalización non é solución para os problemas da agricultura, xa que se non se acompaña doutras medidas supón unha globalización sen regras na que o único que toma as decisións é o poder económico. Tamén recoñeceu o carácter especial da agricultura, un sector no que non se poden aplicar as políticas doutros eidos da economía, e afirmou que, xunto á CPE, tiña "unha común percepción de defender ao mundo rural dunha excesiva homoxeneización e industrialización. Ademais, amosou a oposición do seu goberno cara aos organismos xeneticamente manipulados.

A CPE xa está a traballar no texto que presentará no Consello Agrícola

Finalmente, Alemanno comprometeuse a levar as propostas da CPE diante dos ministros de Agricultura da Unión Europea para poder debatelas. Neste senso, pediu un documento a esta organización- á que pertence o SLG- no que expresase as principais demandas que reivindica para a agricultura europea.

O documento, que será entregado en breve, reclamará, entre outros puntos: prezos que cubran os custos de produción e o traballo agrario, control e redistribución dos dereitos a producir, e redistribución das axudas públicas á agricultura e gandería, amais da revisión dos criterios para o reparto das mesmas.

Para o SLG, as declaracións de Alemanno que recoñecen que a actual PAC é un modelo transitorio son o recoñecemento de que esta política xa fracasou. Diante disto, esta será unha boa oportunidade para presentar aos ministros europeos de Agricultura un modelo agrario que poña fin ao brutal desmantelamento do medio rural que está provocando a actual PAC.

Mulleres labregas de todo o Estado puxeron en común os seus retos en Asturias

Unha comitiva de trece mulleres representou ao Sindicato Labrego Galego no encontro "Mulleres labregas visíbeis e vivas, por un modelo agrario máis social", que organizou a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), entre o 24 e o 26 de outubro, en Cangas de Onís, Asturias.

As mulleres galegas proviñan de comarcas como A Mariña, Betanzos, A Estrada ou Vilalba, e participaron activamente en obradoiros sobre sementes, saúde, medio rural vivo, benestar animal, e incorporación á actividade agraria.

Outro nivel de partici-

pación correu a cargo da Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, que deu unha charla o primeiro día sobre o papel das mulleres dentro das políticas agrarias actuais, como protagonistas dun modelo agrario sostíbel, e no seo das organizacións agrarias.

Para a responsable da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, estes encontros foron moi positivos xa que "a pesar das diferencias que existían con respecto dos sectores productivos nos que traballaban as participantes e as súas procedencias xeográficas -había representantes de tódolos puntos do Estado



Lidia Senra participou como conferenciante no encontro de mulleres labregas de COAG en Asturias

Español-, deuse un intercambio de experiencias moi

enriquecedor que demostrou que temos en común

moitas problemáticas e reivindicacións."

Denuncian a Monsanto en Italia por fraude e contaminación xenética

As organizacións sociais inician unha campaña trala destrución legal de leiras de millo contaminado

A actualidade dos transxénicos millo convencional contaminado por organismos xenéticamente manipulados, diversas organizacións sociais iniciaron unha campaña legal contra as empresas responsábeis: Monsanto e Pioneer Hi Breed. Todo un trebón político e xudicial que nada ten que ver coa permisividade suicida que o PP practica no Estado Español en materia de transxénicos.

O goberno italiano destruíu, o pasado 11 de xullo, 381 hectáreas de millo contaminado por transxénicos na rexión do Piemonte (ver páxina 10 do Fouce 213). Tras esta acción amparada nunha lei que establece a tolerancia cero para os OXMs en Italia, sucedéronse diversas actuacións de organizacións contra os promotores dos cultivos transxénicos.

Así, un colectivo de asociacións entre as que figuran Greenpeace decidiron presentarse como acusación contra as industrias das sementes responsábeis da contaminación. Por outra banda, Verdi Ambienti Società (VAS) denunciou ao Ministerio de Sanidade por non ter executado os controis fronteirizos obrigatorios con respecto ás sementes importadas. VAS tamén denunciou a Pioneer Hi-Breed e a Monsanto, empresas produtoras das sementes contaminadoras, por



Cartaz criticando a política da multinacional Monsanto: "A terra de Monsanto: Debes modificarte xeneticamente para resistir os tóxicos químicos se queres ter algunha esperanza de sobrevivir aquí. De parte daqueles que che trouxeron os PCB, as dioxinas e o axente laranxa".

fraude comercial, e esixiu que se lles retire a ambas a licencia para vender sementes. VAS tampouco aforrou críticas cara á administración rexional do Véneto, por non ter tomado as medidas obrigatorias para a des-

trución dos campos contaminados.

Varias asociacións italianas demandan, ademais, o inicio dunha campaña a escala europea para garantir a tolerancia cero en materia de contaminación de sementes,

amais de establecer unha moratoria planetaria e organizar unha reunión internacional sobre o tema dos transxénicos en Roma, entre o 29 de novembro e o 10 de decembro, coincidindo coa conferencia da FAO.

O goberno de Lula contra as cordas por autorizar soia transxénica

A autorización temporal do goberno de Lula para que os agricultores de Río Grande do Sul poidan plantar soia transxénica provocou múltiples reaccións contrarias á decisión. Así, o Partido dos Verdes do Brasil presentou un recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Supremo, pois a Constitución brasileira, no seu artigo 225, esixe que se realicen estudos previos de impacto específico sobre o solo e o clima brasileiro.

A demanda foi apoiada por diversas organizacións ecoloxistas e polo Movemento dos Sem Terra. O Procurador Xeral do Brasil, Claudio Fonteles, acusou ao goberno de promover unha situación irregular.

O goberno de Lula xa autorizara, o pasado mes de marzo, a comercialización de soia transxénica da colleita 2002-2003 que fora plantada ilegalmente no sur do país con sementes de contrabando procedentes de Arxentina. Segundo estimacións oficiais, nesa campaña o 30% da soia brasileira foi transxénica, un dato preocupante se pensamos que Brasil é o primeiro exportador mundial de soia e que ten prohibidos os OXMs. Lonxe de minguar, o problema crece, pois segundo o presidente da Asociación Brasileira de Soia, Ywao Miyamoto, este ano plantáronse cinco millóns de hectáreas con sementes transxénicas de contrabando procedentes de Paraguai e Arxentina.

O pobo suízo decidirá nas urnas se quere ou rexeita os transxénicos

Italia é o país da UE máis comprometido coa loita contra os transxénicos. De feito, pediu xunto a Grecia e Luxemburgo que a agricultura ecolóxica estea libre de OXMs. Estes tres países, con Bélxica, Alemaña, Portugal e Dinamarca, esixiron que se establezan normas a nivel europeo de control e responsabilidade por contaminación transxénica.

En canto á tolerancia na presenza de sementes OXM xunto ás convencionais, Italia avogou por unha porcentaxe inferior ao 0'1%, namentres que esixiu 0% nas ecolóxicas.

Esta actitude contrasta coa do Estado Español, que ocupa o extremo oposto na Unión Europea cunha defensa e promoción dos transxénicos

que se atopa fóra da legalidade comunitaria. O goberno de Aznar defende taxas de contaminación superiores ao 0'9% en agricultura ecolóxica e nas partidas de sementes, e quere unha normativa propia estatal, probábelmente para dar cobertura legal aos graves problemas que vai xerar a súa irresponsábel política neste eido.

O 87% de labregos e labregas canadenses rexeitan os OXMs

Italia non é o único país onde se escoitaron voces en contra dos OXMs nos últimos tempos. Sen sairmos do vello continente, en Suíza prosperou a iniciativa popular que, baixo o lema de "Stop OXM", reuniu 120.000 sina-

turas que obrigarán ao goberno helvético a chamar ao pobo para que decida nas urnas se quere ou non unha moratoria de cinco anos para os transxénicos. De aprobarse, dita moratoria suporá que partes de plantas, plantas ou sementes transxénicas non poderán ser cultivadas nin importadas por motivos comerciais.

En Canadá, por exemplo, unha enquisa revelou que o 87% dos labregos e labregas están en contra do trigo transxénico e rexeitan cultivalo. O 13% restante agrupa a indecisos e defensores dos organismos xeneticamente manipulados.

En Francia, destruíronse 25 campos de ensaio con plantas transxénicas só no transcurso do pasado verán.

Os documentos para o Congreso de Producción Ecolóxica están nos locais

O Sindicato Labrego anima a toda a afiliación a participar na elaboración dos textos definitivos

O Congreso de Producción Ecolóxica que o Sindicato Labrego Galego está a organizar para decembro xa está en rodaxe. Cos documentos nos locais do sindicato, a afiliación xa pode aportar, libremente, as súas suxestións ou peticións de corrección para crear un texto de consenso que sexa a base de traballo para a Dirección Nacional do sector. Deste xeito, acadarase que o congreso se convirta nunha peza clave, xurdida das xentes que dan vida á agricultura e gandería ecolóxicas galegas, para o desenvolvemento futuro do sector no noso país.

Ata o de agora, un grupo de cinco persoas -Carme Freire, Xosé Manuel Durán, Isabel López, Eloi Davila e Pilar Penín- estivo traballando na elaboración dos borradores e documentos para o evento: o regulamento do congreso, o documento sindical que dirá o que se pretende da produción ecolóxica, e un documento organizativo que trata cuestións de funcionamento.

Tamén se está a traballar nunha primeira proposta para os futuros membros da Dirección Nacional de Agricultura Ecolóxica.

Entre os días 22 e 29 de outubro, os documentos estiveron nos locais a disposición das produtoras e produtores de ecolóxico para que aportasen comentarios e suxestións. Unha xuntanza sectorial encar-



Unha reunión sectorial celebrada o 29 de outubro serviu para enriquecer o documento orixinal

gouse incluír estas e outras contribucións que, enriquecendo o texto orixinal, formaron un primeiro borrador. Esta reunión estivo moi animada, participando afiliados e afiliadas do sector ecolóxico que enriqueceron

moito o debate coas súas intervencións.

Tras ser revisado pola Comisión Executiva do SLG, este texto definitivo se atopa dende o 11 de novembro en tódolos locais do Sindicato Labrego para que as afilia-

das e afiliados que queiran participar no proceso de elaboración contribúan coas correccións que vexan pertinentes cun prazo ata o 26 de novembro.

Estas correccións serán, precisamente, as que se discu-

tan no congreso, o 14 de decembro, antes da votación final dos documentos.

O grupo de traballo que se encargou da redacción dos textos iniciais salientou a importancia de que participe o máximo número posíbel de afiliados e afiliadas no Congreso de Producción Ecolóxica, pois neste evento marcaranse as liñas de traballo e claves organizativas do SLG na produción ecolóxica.

O que importa neste proceso é que afiliados e afiliadas cheguen a un consenso. Se tes un especial interese nesta produción, se estas producindo en ecolóxico, este é o momento de dicir o que queres que faga o sindicato.

Ante calquera dúbida, o SLG atende consultas sobre este evento no teléfono 982 231 154

Denuncian as irregularidades do Craega nun congreso de Granada

A localidade de Santa Fe, en Granada, acolleu o 17 e 18 de outubro o primeiro Encontro Estatal de Agroecoloxía, evento ao que foi invitada unha delegación do Sindicato Labrego Galego para falar da situación na que se atopa o sector na Galiza.

O responsábel de agricultura ecolóxica do SLG, Xan Pouliquen, foi o encargado de representar á organización sindical cunha intervención na que expuxo dúbidas e problemas, e invitou á reflexión sobre o que se está a facer neste sector en particular.

En concreto, Pouliquen insistiu na falla de visión de conxunto cando se fala da produción ecolóxica, e no risco de manter unha agricultura dual, cunha parte

intensiva para a xente normal, e un pequeno reducto de produción ecolóxica para elites económicas.

Tamén insistiu Pouliquen en que a produción ecolóxica ten que ver co modelo productivo, e que non se debe considerar simplemente como unha alternativa para producir avestruces ou caracois, por exemplo.

Outra das partes centrais da intervención de Xan Pouliquen foi a de denunciar a situación existente en Galiza co CRAEGA, introducindo así o debate para falar do interese deste tipo de organismos.

Polo demais, estas xornadas serviron tamén para presentar o Plano Estratégico Andalúz de Agricultura Ecolóxica, que xa leva case

un ano funcionando. Expuxéronse os resultados tralos primeiros doce meses, amais das dúbidas e críticas suscitadas despois deste tempo.

Para Pouliquen, o máis interesante deste plan foi o seu proceso de elaboración, no que houbo consulta activa de tódolos axentes implicados na cadea da agricultura ecolóxica e bastante traballo democrático, "nada máis lonxe do que temos aquí".

Outro dos temas centrais foi o da sustentabilidade da produción ecolóxica, enfocado dende a perspectiva de investigadores e técnicos estudiosos, que demostraron coas súas análises que certas formas de produción ecolóxica non son rendíbeis.

O SLG presenta alegacións ao borrador do "Plan estratéxico de agricultura ecolóxica"

O Ministerio de Agricultura (MAPA) está a elaborar un plan estatal de desenvolvemento da agricultura ecolóxica, diante do cal o Sindicato Labrego presentou varias críticas constructivas.

En primeiro lugar, o SLG critica non ter recibido ningunha notificación deste plan por vía institucional como representante do sector agrario que se vería afectado. Este e outros indicios demostran que o "diálogo" ofrecido non existe, pois non deixa de ser unha simple operación de cosmética.

En segundo lugar, o plan proposto responde a obxectivos publicitarios, xa que non hai seriedade no documento, que é só unha declaración de intencións sen orzamentos, sen obxectivos e sen planificación.

En terceiro lugar, o plan non realiza ningunha análise minimamente seria da situación actual da agricultura ecolóxica no Estado e está totalmente orientado por unha visión industrial da produción ecolóxica. Ademais, descoñece por completo a esencia deste tipo de produción.

Por se fose pouco, o MAPA volve pecar de algo ao que xa nos ten acostumados: non ten en conta as peculiaridades galegas neste eido da agricultura, e o plan está moito máis orientado a outras zonas do Estado.

Pese a estas críticas, o SLG formulou, para cada un dos obxectivos propostos polo MAPA, suxestións dirixidas á promover unha agricultura ecolóxica con futuro ao servizo da sociedade.

A pésima xestión da Xunta mantén paradas as axudas agroambientais

O descoñecemento leva a esixir documentos e requisitos innecesarios que aumentan a burocracia

As axudas agroambientais levan máis de dez anos funcionando na Unión Europea e baséanse en promover unha agricultura que protexa o medio ambiente. A súa posta en marcha real na

Galiza data de 2001, ano no que pasaron desapercibidas e non se concedeu ningunha. Houbo de agardar ata o 2002 para que se convocasen de novo para cultivos integrados e

ecolóxicos, para mantemento de pastos e para gandería ecolóxica. Agora, cunha Xunta desbordada polas solicitudes, atópanse atrolladas por mor dunha pésima xestión burocrática.

O Sindicato Labrego Galego ve positivo que estas axudas procuren unha agricultura máis san para o entorno e as persoas que producen e consumen, polo que iniciou unha campaña de difusión que obrigou á Administración e a outros sindicatos a traballar tamén para promover esta liña de subvencións.

Para facer un balanço da situación, unha delegación do SLG reuniuse en Compostela co responsábel nacional destas axudas, César Iglesias. A delegación do sindicato puido confirmar, entre risas contidas e rabia agachada, o grao de descontrol, mentiras e cara dura que rodea estas axudas.

Polo de agora, hai unha falla total de transparencia respecto do cobro destas axudas, que o responsábel da Xunta tenta ocultar coa xustificación dos pagos do ano 2001, cando neste ano non se cobrou ningunha



O SLG difundiu as agroambientais por fomentar métodos productivos respectuosos co entorno

axuda. Mesmo a Consellería non dúbida en publicar na súa páxina web mentiras no mesmo senso, segundo as cales moitos produtores e produtoras recibiron a axuda.

En todo caso, cómpre criticar a falla de información e as contradicións dende a Xunta durante o ano pasado neste eido. Todo coa escusa de que non pasaba nada ou que se vai tardar



cinco anos en cobrar. Todo isto está a crear moita incerteza e inseguridade nas explotacións ecolóxicas en transición, que están moi necesitadas de liquidez nos seus primeiros pasos.

O SLG vai incidir máis no seguimento de todo o proceso

Pero o que merece unha maior crítica é o descontrol da Xunta nestas axudas. Hoxe, cando xa se pagaron algunhas, aínda se está a contestar a un feixe de solicitudes novas, e a Xunta aínda non sabe como vai facer.

Existe aínda unha chea de temas que están sen resolver na xustificación das axudas e nos compromisos das explotacións. Hai unha descoordinación total entre delegacións.

A maiores, a Xunta discriminou claramente á hora de informar sobre estas axudas, e privilexiou claramente certos colectivos. Gracias ás campañas do SLG, con recursos feitos no ano anterior, roldas de prensa e seguimento sobre o tema, a Xunta tivo que pórse as pilas. A campaña de difusión do SLG explica o alto número de solicitudes deste ano e o completo desfase da Xunta, que se atopa agora sen orzamento.

En definitiva, a Xunta amosou con estas axudas, unha vez máis, a súa incapacidade de xestión. Unhas liñas europeas que permitirían ir trampeando e ter algúns avances nunha agricultura e gandería máis respectuosas co medio ambiente, estanse a quedar en nada por culpa dun goberno que as está transformando nun caos que non servirá para favorecer a protección do entorno nin a viabilidade das explotacións. A pesar diso, o SLG vai aumentar o seu seguimento das axudas para asegurar maiores beneficios para Galiza.

Unha Administración desconectada da realidade agraria da Galiza

Outra crítica que hai que facer é que estas axudas semellan ter sido redactadas por uns tradutores totalmente desconectados da realidade da produción agraria e da idiosincrasia galega. O resultado é que nos atopamos cunhas axudas que se fixeron orientadas á monoprodución integrada en viñado en parcelas grandes. Posteriormente, copiáronse partes que tentaron adaptar sobre á marcha a outras producións e á gandería.

Isto significa que os requisitos que se lles esixían ás explotacións foron totalmente surrealistas nalgún caso, como reflexa o feito de pedir análises de nemátodos nos prados de gandería ecolóxica. E isto sen falar dos "coutos", unha unidade de traballo que vale no cultivo de cítricos en Valencia ou nas

viñas de Valdepeñas, pero que nada teñen que ver coa realidade galega.

Erros que provocaron un aumento da burocratización

Neste senso, tamén se produciron erros de xestión tremendos que aumentaron considerábelmente a burocratización do proceso. Un destes erros foi esixir un libro da explotación no que estivesen rexistradas as tarefas realizadas en cada parcela cada día, cando en Galiza unha explotación pode chegar a ter máis de 150 fincas.

A maiores, unha parte moi importante da información que se pedía xa estaba en mans da Xunta ou doutras entidades administrativas. De aí o interese de volver a copiar a man esta información. O exemplo típico foi o da

I Congreso de Producción Ecolóxica

Monforte de Lemos (Lugo), 14 de decembro de 2003

O documento que servirá para o debate no primeiro Congreso de Producción Ecolóxica xa se atopa nos locais do SLG para que afiliados e afiliadas poidan facer as súas achegas. Para iso, terán de prazo ata o 30 de novembro.

A participación da afiliación é moi importante, xa que

deste congreso xurdirá unha Dirección Nacional de Producción Ecolóxica que xogará un papel fundamental no desenvolvemento deste sector na Galiza. Por iso, dende o SLG anímase a tódalas afiliadas e afiliados interesados no tema a participar activamente.

O primeiro Congreso de

Producción Ecolóxica terá lugar na Aula da Cultura de Monforte de Lemos (Lugo), o vindeiro 14 de decembro, e comezará ás 10.00 horas. Aquelas persoas interesadas en participar deberán inscribirse antes do 1 de decembro en calquera local do SLG. Para máis información, chamar ao 982 231154.

Consiga un seguro máis barato para o seu coche no Sindicato Labrego Galego

Agora pode conseguir un seguro máis barato para o seu coche a través do Sindicato Labrego Galego. Se vostede é afiliado ou afiliada ao SLG, ten máis de 28 anos, e máis de dous anos de antigüidade no carné, non dubide en acudir á súa oficina do SLG coa poliza que teña en vixencia na actualidade; procuraremos facerlle un mellor prezo.

Ademais, o SLG segue ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de ca-

sos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o SLG esforzouse para acadar as mellores condicións e vantaxes posibles para poder mellorar na prestación dos servizos ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a

primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar as condicións e vantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas vantaxes serán dobre, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Xornadas de horta e gandería ecolóxicas en novembro

Durante o mes de novembro, o SLG seguirá co seu programa de encontros ao redor dos diversos sectores da agricultura ecolóxica.

Así, o 12 de novembro realizarase a quinta Xornada de Horta Ecolóxica, que terá lugar na explotación de Pilar Vispo, en Vila de Cruces (Pontevedra); neste encontro o debate estará centrado nos perfís do solo e o potencial da terra.

Ao día seguinte, o 13 de novembro, realizarase a cuarta Xornada de Gandería Ecolóxica. Nesta ocasión visitarase a explotación de vacún de carne de José Blanco, en Montederramo (Ourense); se dá tempo, os partici-

pantes poderán achegarse ata a explotación de Elvira Diéguez, no mesmo municipio.

Ambas xornadas programaranse con visitas ás explotacións pola mañá, un xantar na zona, e debates e intercambio de experiencias pola tarde. Contan coa cofinanciación do Ministerio de Agricultura e do Fondo Social Europeo, polo que as persoas que participen deberán traer unha fotocopia do documento de identidade e da cartilla da Seguridade Social para o xantar. En ambos casos, cómpre apuntarse antes do 7 de novembro. Para máis información, chamar ao 982 231 154.

Axudas á xente nova para a mellora de estruturas agrarias

No DOG do 27 de decembro anunciouse a modificación de bases da convocatoria de axudas para modernización das explotacións agrarias.

No caso das primeiras instalacións de mozos e mozas

motivadas por cese anticipado na actividade agraria, o prazo remata o 30 de novembro de 2003.

Para solicitar información sobre os requisitos para pedir estas axudas, consultar nas oficinas do SLG.

Indemnizacións por sacrificio obrigado de gando

No DOG do 20 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen as contías das indemnizacións por sacrificio obrigado de gando nos programas de erradicación

de enfermidades animais para o ano 2003. O prazo para a solicitude remata o 20 de novembro. Máis información nos locais do Sindicato Labrego Galego.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... **NIF:**

Enderezo:.....

Tlf:..... **Concello:**..... **C.P:**.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... **Conta / Libreta:**.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... **Poboación:**..... **Provincia:**.....

Atentamente (sinatura)

Data

Programa de axudas á gandería para paliar os ataques do lobo

A Consellería de Medio Ambiente estableceu unha liña de axudas para gandeiros e gandeiras que sufriron ataques do lobo. Estas axudas cobren ataques producidos despois do 1 de maio contra gando saneado vacún, ovino e caprino en explotacións semiextensivas de Galiza.

En caso de ser afectado ou afectada, cómpre saber que a consellería establece un prazo de 24 horas para dar aviso dende que se produce o ataque dos lobos. Se non se chama á Consellería de Medio Ambiente antes desas 24 horas, pérdese o dereito a

percibir a axuda.

O teléfono ao que se debe chamar é o 900 186 186; na chamada, pediranse datos sobre o ataque e darase un número clave para reclamar a axuda. Despois da chamada, recibírase a visita dun garda forestal para recoller información; ademais, o gandeiro ou gandeira deberá presentar unha solicitude diante da delegación provincial de Medio Ambiente.

A consellería esixe que non se mova aos animais atacados do sitio e que non se permita a entrada doutros animais no lugar.

Curso de ovino e cabrún homologado para o título de aptitude empresarial

A Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galiza (Ovica) organiza, xunto á Fundación Ramón González Ferreiro, un curso de gandería de ovino e cabrún. Terá unha duración de 250 horas e está homologado pola Xunta para a obtención do título de aptitude empresarial agraria, requisito necesario para obter subvencións. O curso

desenvolverase en Allariz (Ourense) entre os meses de novembro de 2003 e febreiro de 2004. Para que o curso se leve a cabo será necesario cubrir un número mínimo de prazas. As persoas interesadas poden poñerse en contacto con Ovica nos teléfonos 982 284 111 e 988 442 428, ou no enderezo electrónico ovica@mundo-r.com

Axudas para a compra de gando bovino de reposición por sacrificio

Para obter estas axudas hai que cumprir a normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica de encefalopatías esponxiformes.

O prazo para poder realizar a solicitude rematará o vindeiro día 20 de novembro de 2003. Para máis información, pode acudir a calquera oficina do SLG.

Fomento do emprego en empresas de economía social e promoción e divulgación do cooperativismo

Estas axudas están destinadas a cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo en Galiza. As subvencións están divididas en cinco apartados: axudas para a adquisición da condición de socio traballador, axuda pola incorporación de socios traballadores ou de traballo, axudas para a contratación de directores ou xerentes,

subvención financeira e axuda excepcional.

O prazo de presentación de solicitudes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador será de dous meses contados dende a data de alta na Seguridade Social do beneficiario ou beneficiaria.

Para máis información, dirixase a calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Siguen vixentes as primas de vacún e para o sacrificio do ano 2003

A prima especial de vacún poderá solicitarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. A prima por sacrificio de vacún debe solicitarse nos catro seguintes

meses ao sacrificio, e poderase solicitar en xuño e setembro, rematando o prazo do 1 de decembro de 2003 ao 15 de xaneiro de 2004.

Indemnizacións ao sacrificio obrigado de gando pola EEB

No DOG do 26 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen indemnizacións por sacrificio obrigado a causa da encefalopatía

esponxiforme bovina. O prazo de solicitude remata o 20 de novembro de 2003. Pódense informar en calquera local do SLG.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

cuba de poliester de 28.000 litros. Preguntar por Xesús no Tfno. 981 787 551.

Véndese

tractor de 21 CV LANDER. Tfno. 982 151 639. Chamar pola noite.

Véndese

remolque espaxador de esterco FJ 55. Tara de 7.000 Kgs. Tfno. 988 465 996.

Véndese

vacas de raza Frisona. Tfno. 981 793 506.

Véndese

rotoempacadora KRONE 130 semiova Tfno. 982 508 013, ao mediodía e pola noite

Véndese

cuba de poliester de 28.000 litros. Preguntar por Xesús no teléfono 981 787 551.

Véndese

autocargador marca EUROPA de 22 metros cúbicos. Tanque de 450 litros Bomba de baleiro de cinco puntos ALFA LAVAL Tfno. 646 336 125.

Véndese

programa informático para xestión de explotacións leiteiras "A leda vaquiña"; xusto á súa medida. Contactar no Tfno. 626 779 707 ou en alki@nodo50.org

Véndese

tractor LANDER 838 DT de 33 CV con remolque, fresa e arado. Motosegadora BERTOLLINI 124 / BI de 13 CV Preguntar por Francisco ou Felipe nos Tfños. 981 432 034 e 699 953 635.

Véndese

desensiladora marca KUHUN. Preguntar por Delfina no teléfono 981 459 198.

Véndese

vacas de leite e xuvenas. Codesido (Vilalba). Chamar ao 982 158 907

Véndese

frisonas de alta xenética abocadas a parir. Tanque de leite de 2.000 litros ALFA LAVAL de dous muxidos e lavado automático. Tfno. 629 177 933. Preguntar por Xesús

Véndese

carro mesturador con fresa. 8 metros cúbicos. Marca LUCRAR. Preguntar por Xesús nos teléfonos 981 684 985 e 699 458 019

Véndese

viño tinto Mencía do Val de Monterrei (Verín) e uvas para viño. Preguntar por Máximo os tfños. 651 488 915 ou 988 426 217.

Véndese

pacas e rolos de herba seca en Vilalba. Preguntar por Aurora no teléfono 982 158 074.

Véndese

un boi de 24 meses, ou trócase por un becerro de cinco ou seis meses. Teléfonos 981 277 121 ou 655 679 152; preguntar por María.

Véndese

comedeiro exterior para xatos. Preguntar por Olga no teléfono 982 179 685

Véndese

vacas xovencas. Teléfono 981 195121

Véndese

millo para ensilar, 4'5 hectáreas nunha soa finca situada en Guntín, a 15 Km. de Lugo. Teléfono 636 512 463; preguntar por Marcos.

Véndese

o millo dunha parcela de 2'5 hectáreas para ensilar. Preguntar por Loureiro no teléfono 986 586 621

Véndese

casa antiga, apta para turismo rural, ao carón dun castro e próxima a un pantano. Tfno. 699 791 435.

Véndese

viño e uvas da zona de Verín e Monterrei. Preguntar por Máximo no teléfono 651 488 915

Véndese

autocargador rotativo marca BONINO. Preguntar por David no 669 219 980

COMPRAS

Mércanse

trabadeiras para vacas e xatas e sementadora de millo. Chamar ao tfno. 982 164 045

OUTROS

Precísase

inversor ou inversora que queira explotar unha finca de 20 hectáreas con árbores, pastos e auga. Tfno. 988 491 531; preguntar por Bieito.

Alúgase

finca de tres hectáreas na parroquia de Vilarente (Abadín). O ano pasado estivo a millo; na actualidade non hai nada plantado. O balado da finca está na división de Abadín e A Pastoriza. Chamar ao mediodía ou pola noite ao 982 170 854. Preguntar por Domingo.



Amada Saa Fuentes, membro da Dirección Nacional e da Comisión Executiva do SLG

Amada Saa Fuentes rexenta unha explotación de vacún de carne na parroquia de Sello, en Lalín (Pontevedra). Con vinte reses e uns douscentos ferrados de terras, abandonou a produción láctea hai dous anos por motivos familiares. Tras formar parte da lista de Pontevedra do Sindicato Labrego Galego nas Eleccións a Cámaras Agrarias, agora deu un paso máis no seu compromiso coa loita agraria na Galiza ao entrar na Dirección Nacional e na Comisión Executiva da organización. Con ela falamos dos problemas do sector co que gaña o pan e da actualidade do SLG.

“Deben ser afiliados e afiliadas quen teñen que dirixir o Sindicato Labrego”

■ **¿Como valora os primeiros meses de funcionamento da comisión executiva do SLG?**

É a primeira vez que funciona un órgano destas características no sindicato. É unha boa forma de que a afiliación participe no debate dos temas que afectan á organización. Eu son da opinión de que deben ser os afiliados e afiliadas quen teñen que dirixir o sindicato e decidir a onde se quere chegar. E unha boa vía para isto é que participen en órganos como a Dirección Nacional ou a Comisión Executiva.

■ **Como gandeira, ¿cal pensa que é a situación actual dos produtores de carne en Galiza?**

A situación está bastante mal. O goberno non mira nada por nós, e temos o problema engadido de que os dereitos por nutrices marcharon no meirande, polo que non temos os suficientes para reflectir a nosa produción. Eu, por exemplo, só teño cinco dereitos de nutrices; e como a min, acontécelle a moita xente, e



Amada comparte as responsabilidades no SLG coa titularidade dunha explotación de vacún de carne

vémonos seriamente prexudicados á hora de cobrar subvencións. Se tivésemos bos prezos para a nosa produción non tiñamos que estar pendentes das axudas, que están concentradas nunhas cantas explotacións.

■ **¿E como andan os prezos?**

En canto aos prezos, temos

que buscarnos a vida. No meu caso, estou comercializando bastante ben, pois véndolle a dous carniceiros. Nembargantes, hai outra xente que padece máis a baixada dos prezos e mesmo se lles rin dos becerros. Os cebadeiros estannos a facer moito dano, pois están pro-

ducindo baixo o selo da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega cando non é carne que non obtiveron a través de métodos de alimentación naturais, senón a base de penso. Isto prexudica aos que alimentan aos becerros con leite ata o intre da venda.

“Se estivésemos unidos todo iría mellor e non se rirían de nós”

■ **¿Pensa que a nova Política Agraria Común vai solucionar algo ou, pola contra, vai ser máis prexudicial?**

Penso que vai ser máis prexudicial aínda. Por exemplo, segue sen fixar uns prezos mínimos para que se poida vivir do traballo agrario. O que deberían facer é suprimir as subvencións e fixar prezos dignos polos nosos produtos. Iso sería o ideal e a base de todo, pagar o traballo cun prezo decente.

Nembargantes, dedícanse a baixar de seguido os prezos, pero non de cara ao consumidor, que ten que pagar cada vez máis. Coa nova PAC as subvencións coas que nos estaban a axudar para paliar esta situación non van chegar nin á metade da xente por mor do mal reparto dos dereitos. Moitas explotacións terán que pechar, o cal levará canda si que cada vez quede menos xente no medio rural e que mozos e mozas non se animen a ficar.

■ **¿Hai lugar para a esperanza?**

Home, eu estou vivindo ben da miña explotación. Gustaríame animar á xente a seguir adiante. Unha das vías para mellorar é a do asociacionismo ou cooperativismo, xuntarse por zonas para vender o noso produto en mellores condicións e ter capacidade para comercializar prescindindo dos intermediarios.

Eu estaría disposta a formar este tipo de asociación con outras explotacións da comarca do Deza, polo que se hai algunha interesada non ten máis que poñerse en contacto coa oficina local do Sindicato Labrego Galego. Se estivésemos unidos iría todo mellor e non se rirían de nós.

“Ternera Gallega debe garantir uns prezos mínimos e non amparar cebadeiros industriais”

■ **Daquela, ¿pensa que a IXP de Ternera Gallega non está a cumprir as expectativas para as que foi creada?**

Eu estou en Ternera Gallega, pero este ano non marquei ningún becerro, xa que o único que se limitaban a facer era poñerlle un pendente de Suprema ás reses para marcalas e nada máis.

Aí remataba todo. Despois tiña que buscarme a vida para vender, pois a lista de matadoiros e carnicerías que nos da IXP pagaban os prezos que lles petaba, polo que me vía obrigada a buscar a quen me pagase o produto a un prezo razoábel. Por iso non marquei este ano.

Penso, xa que logo, que Ternera Gallega non está a cumprir as súas expectativas. Precisamente por amparar aos cebadeiros industriais e por deixarnos desasistidos a produtores e produtoras na comercialización. É dicir, que esta IXP non nos resolve nada.

Por outra banda, as carnicerías e matadoiros adscritos saben que poden mercar becerros sen marcar que están criados nas mesmas condicións que os amparados por Ternera Gallega. É dicir, que poden conseguir unha carne de igual calidade sen os custes adicionais que leva canda si adquirir bece-



Para Amada Saa os problemas que arrastra o sector cárnico poderían solucionarse potenciando o asociacionismo

rrros da IXP.

■ **Diante desta problemática da Ternera Gallega, ¿que se debería facer?**

Garantir uns prezos mínimos, mellorar as condicións de comercialización e non amparar á carne producida

polos cebadeiros industriais. Tamén deberían diferenciar as categorías da carne producida, pois a pesares de empregar métodos de cebado similares, pódense dar diferencias entre a carne por mor da raza do becerro.